

ARTELLAND

Soutomaior, promove cultura

BANCO DO TEMPO CULTURAL

Comparte o teu tempo e intercambia habilidades e coñecementos con outras persoas.

REXISTRO DE ARTISTAS LOCAIS

Forma parte do catálogo de artistas do Concello de Soutomaior.

EXPERIENCIA ARTÍSTICA

Participa nas exposicións e actividades propostas por artistas locais.

Información e Inscricións



OMIX | Cultura


gabinetesoutomaior.com

[f](#) [@](#) [t](#) | Concello de Soutomaior





Concellería de Cultura
OMIX
Telf. 638 822 868
omix@soutomaior.com



O Concello de Soutomaíor pon en marcha o Programa de dinamización socio-cultural **“ARTELLANDO, Soutomaíor promove cultura”**, que pretende potenciar o valor da arte e da cultura, poñendo o foco no local, para visibilizar a capacidade, habilidade, talento e experiencia de artistas locais pero tamén para achegar as artes e cultura á cidadanía usando unha metodoloxía lúdica, participativa e inclusiva. O programa irá artellando diferentes propostas mediante liñas de acción de diversa índole. Comezaremos coas seguintes tres liñas de acción:

A **primeira liña de acción “Banco do tempo cultural”** que consiste na creación dun Banco do tempo co que facilitar espazos para estar, onde as persoas poidan compartir solidariamente o seu tempo e habilidades (artísticas, musicais, creativas, etc.).

A **segunda liña de acción, “Rexistro de artistas locais”** que ten como obxectivo poñer en marcha o rexistro de artistas locais que dará como resultado un catálogo de artistas locais de todas as disciplinas para a súa divulgación e promoción.

A **terceira liña de acción “Experiencia artística”** que terá como obxectivo promover as artes plásticas e visuais a través da vivencia de experiencias participativas da man de referentes locais a través de exposicións e obradoiros.

LIÑA DE ACCIÓN 1:

BANCO DO **TEMPO** CULTURAL



ARTELLAND
Soutomaior, promove cultura




**SOUTO
MAIOR**


DESCRICIÓN

Trátase dunha iniciativa cultural e sociocomunitaria na que se intercambia o tempo, que emula simbólicamente ao funcionamento dun banco, pero no cal aquilo que se “presta” e se “recibe” é tempo adicado ás persoas. Neste caso no eido da cultura.

Baséase na confianza, no intercambio solidario e altruísta para o restablecemento do tecido social e cultural, superando o individualismo e a desconfianza para volver á comunidade.

Non se trata dunha rede directa de intercambio entre dúas persoas, senón dunha rede comunitaria na que cada persoa ofrece e demanda unha actividade e na que se adquire un compromiso para dar e recibir co fin de formar grupos con intereses afíns.

OBXECTIVOS

Os obxectivos desta liña son promover valores que permitan:

- Construír unha comunidade estable.
- Poñer en valor o talento.
- Axudar á veciñanza a coñecerse.
- Intercambiar habilidades.

ACTIVIDADES

As propostas de actividades serán voluntarias e non terán remuneración nin cotas porque o que se intercambia é o tempo que cada persoa quere compartir con outras persoas e, viceversa. Nese tempo, compartimos unha habilidade, coñecemento ou interese (música, lectura, idiomas, informática, manualidades, historia, paseos, etc.).

METODOLOXÍA

O Concello de Soutomaior canaliza este intercambio xestionando as propostas e facilitando a inscrición das persoas nas actividades.

Para isto, habilita na Web un formulario de inscrición de propostas e un formulario de inscrición nas actividades que se vaian recibindo e publicando. Sempre terá que haber un intercambio entre as persoas que participan.

- No formulario de propostas pediranse: datos da persoa, título da actividade, breve descrición, horarios, duración, lugar de desenvolvemento, idade de participantes, tipo de instalación, número de participantes.
- No formulario de inscrición en actividades pediranse datos persoais básicos, razóns polas que se participa no Banco e que habilidade poderían compartir.

Para o funcionamento desta liña o Concello de Soutomaior disporá de instalacións municipais acordadas ás necesidades do tipo de actividades (sempre e cando sexa viable no momento no que se soliciten e se cumpran as obrigas establecidas para cada caso concreto).

PERSOAS DESTINATARIAS

Todas as persoas empadroadas no Concello de Soutomaior que teñan tempo e queiran compartir algunha habilidade con outras persoas.

PRAZO

O prazo de inscrición estará aberto de forma continuada.

FUNCIONAMENTO E CRONOGRAMA DA LIÑA DE ACCIÓN 1

O Banco comezará a funcionar trala publicación das bases e da posta en funcionamento dos formularios de inscrición.

A medida que se vaian recibindo as propostas, valoraranse para elaborar o catálogo de actividades que se publicará na Web para que as persoas interesadas poidan anotarse. As actividades comezarán a desenvolverse en 2023.

OBRIGAS DE PARTICIPANTES

- Presentar todos os documentos con datos reais.
- De faltar algún documento no expediente, será requirido.
- Só se procederá á inscrición daquelas actividades que cumpran os requisitos.
- Informar ao Concello de calquera modificación relativa aos seus datos que poidan ser relevantes (persoa contacto, teléfono, enderezo, etc.).

PUBLICACIÓN DE ACTIVIDADES

Poderase acceder de forma telemática, na Web:

www.gabinetesoutomaior.com

LIÑA DE ACCIÓN 2:

REXISTRO DE ARTISTAS LOCAIS



ARTELLAND
Soutomaior, promove cultura


**SOUTO
MAIOR**


DESCRICIÓN

Co fin de recoñecer o traballo das persoas e entidades que desde o ámbito local engrandecen a cultura e a arte teceremos esta rede de artistas, profesionais e/ou amateur.

Queremos que este rexistro sexa un recoñecemento ao seu traballo pero tamén que sexa unha plataforma que impulse e de visibilidade ás experiencias de creadores e creadoras, tanto a nivel individual como colectivo.

Trátase dunha base de datos que tamén servirá para fomentar a contratación de grupos e creadores/as locais por parte de organizadores de eventos culturais ou doutra índole porque o catálogo resultante será público (mantendo a privacidade de certos datos). A él poderán acceder todas as persoas interesadas. Editarase na Web municipal onde estará permanentemente actualizado e tamén en papel.

OBXECTIVOS

- Poñer en valor e promover a cultura e artistas locais.
- Editar un catálogo de artistas locais.
- Impulsar a cultura como elemento vertebrador de comunidade.
- Fomentar as experiencias artísticas de diversa índole, en calquera disciplina e achegalas ao público xeral.

ACTIVIDADES

Creación dun rexistro de artistas locais e edición do catálogo con fichas de cada artista e/ou colectivo no que se identifique a disciplina e características da súa obra e/ou espectáculo.

PERSOAS DESTINATARIAS/GRUPOS

Poderán inscribirse artistas locais que estén empadroadas/os ou que teñan a súa residencia ou sede no termo municipal de Soutomaior e poidan acreditarlo; Tamén os grupos nos que na súa composición haxa algunha persoa que estea empadroadada no termo municipal de Soutomaior.

NOTA:

Se non reúnes este requisito de empadroadado/a e es un artista dalgún dos Concellos limítrofes (Vilaboa, Ponte Caldelas, Fornelos, Redondela, Pazos de Borbén) envíanos un correo a omix@soutomaior.com no que nos indiques o teu interese por formar parte deste rexistro e porémos nos en contacto contigo para estudar a túa solicitude.

INSCRICIÓN

As inscricións faranse en liña na Web www.gabinetesoutomaior.com

- No caso de colectivos, será asinada pola persoa que represente o grupo.
- No caso de artistas menores de idade, será asinada polo pai/nai/titor/titora legal do menor e no caso de grupos será asinada por unha persoa adulta que os represente legalmente.

DOCUMENTACIÓN

Todos aqueles colectivos ou persoas físicas que desexen inscribirse deberán achegar a seguinte documentación ao correo:

omix@soutomaior.com

- Copia DNI de representante (maior de idade).
- Documentos dixitais (fotografías, vídeos, gravacións...)Resumo explicativo da traxectoria e actividade que se desenvolve.
- Calquera outro documento relacionado coa actividade, e que poida aportar ou aclarar información acerca dela.

CATEGORÍAS. CLASIFICACIÓN DE PARTICIPANTES

As inscricións rexistradas serán divididas en tres grandes bloques, segundo a natureza artística, quedando o Programa fraccionado en:

Cultural musical:

- ◊ Bandas de música.
- ◊ Grupos de baile e música tradicional, de gaitas, pandereteiras.
- ◊ Grupos musicais en xeral (pop, rock, ska, clásica, folk...).
- ◊ Solistas e cantautores/as.
- ◊ Coros e masas corais.
- ◊ Grupos de danza e baile moderno, ballet...
- ◊ Calquera outro que se englobe dentro desta categoría.

Cultural de artesáns e creadores/as:

- ◊ Artesáns/artesás que dispoñan da carta de artesán.
- ◊ Creadores de diversa índole (pintura, escrita, poesía, traballos manuais,..) que non dispoñan de carta de artesán/á.

Cultural artistas xerais: recollerá artistas artes escénicas e outros:

- ◊ Grupos de teatro, actrices, actores.
- ◊ Monicreques.
- ◊ Grupos de animación infantil, clowns e novo circo.
- ◊ Magos/as.
- ◊ Humoristas.
- ◊ Calquera outro que se englobe dentro desta categoría.

PRAZO

O prazo de inscrición estará aberto de forma continuada. Iniciarase en novembro de 2022 e estará aberto a novas inscricións de forma continuada, de xeito que se actualizará a medida que haxa incorporacións e tamén modificacións nos datos.

FUNCIONAMENTO E CRONOGRAMA DA LIÑA DE ACCIÓN 2

O Rexistro de artistas locais comezará a funcionar en novembro de 2022.

O catálogo en Web comezará a funcionar a medida que haxa solicitudes que nos permitan ir deseñando e publicando as incorporacións formalizadas.

OBRIGAS DE PARTICIPANTES

- Presentar todos os documentos requiridos para a inscrición e inclusión no Catálogo de Artistas Locais con datos reais.
- De faltar algún documento no expediente, será requirido.
- Só se procederá á inscrición de artistas e grupos, unha vez que o expediente estea completo.
- Informar ao Concello de calquera modificación relativa aos seus datos que poidan ser relevantes (persoa contacto, teléfono, enderezo, etc.).
- Darse de baixa no rexistro cando cese a súa actividade cultural enviando comunicación ao correo omix@soutomaior.com

PUBLICACIÓN DO CATÁLOGO

Poderase acceder a ficha básica de datos de artistas/grupos de forma telemática, nas Webs: www.gabinetesoutomaior.com e www.soutomaior.gal

OBSERVACIÓNS

Todos os/as artistas locais que sexan contratados/as polo Concello de Soutomaior para o desenvolvemento das actividades municipais ou que participen nalgún programa municipal, xa sexa puntual ou permanente, deberán estar obrigatoriamente inscritos/as neste Rexistro previamente ou como data límite ao remate do servizo contratado.

LIÑA DE ACCIÓN 3:

EXPERIENCIA ARTÍSTICA



DESCRICIÓN

Deseñaranse unha serie de actividades que serán unha oportunidade para xogar e explorar desde o sensorial, as artes visuais e plásticas.

Actividades que por unha banda, nos van achegar ás obras de artistas locais e, por outra banda, servirán para expresar ideas e emocións das persoas participantes aplicando diversos recursos plásticos, lingüísticos e sonoros.

Partiremos sempre cunha exposición de artista local que será inaugurada e presentada mediante unha visita guiada a cargo do/a artista e que ao rematar realizará un obradoiro/actividade co público asistente previamente inscrito. Nesta actividade traballaremos sobre a base da súa obra e das súas inspiracións e suxestións. A/o artista poderá convidar a outros artistas de fóra e así nunha mesma exposición poderemos atoparnos arte local e doutros lugares.

OBXECTIVOS

- Coñecer a obra de artistas locais mediante exposicións.
- Visitar as exposicións guiadas pola persoa artista.
- Xogar e explorar desde o sensorial, as artes visuais e plásticas mediante un obradoiro artístico.

ACTIVIDADES

Nesta liña as actividades serán principalmente de dous tipos: exposicións de artistas locais + obradoiros/actividades artísticas. Dirixidas a todos os públicos e idades.

Co transcurso do programa haberá outras actividades complementarias pensadas para completar o programa mesturando outras disciplinas artísticas.

PERSOAS DESTINATARIAS

Por unha banda, as persoas destinatarias serán as e os artistas locais empadroados/as en Soutomaior. Por outra banda, as persoas que queiran visitar as exposicións e participar nas actividades/obradoiros.

INSCRICIÓNS

As inscricións para expoñer ou para participar en actividades/obradoiros faranse en liña e deberán estar cubertas por unha persoa maior de idade, no caso de menores de idade deberán estar asinadas por pai/nai/titor/a.

- No formulario de inscrición de exposición pediranse datos básicos como: persoais, características da exposición, necesidades, mes preferente,..), así como a achega de material audiovisual ou gráfico da obra.
- No formulario de inscrición para participar nas actividades pediranse

datos persoais básicos das persoas interesadas.

DOCUMENTACIÓN

As persoas artistas que desexen inscribirse deberán achegar ao correo omix@soutomaior.com a seguinte documentación xunto coa inscrición:

- Documentos gráficos (fotografías, vídeos, gravacións de audio...).
- Descrición da traxectoria artística.

PRAZO

O prazo de inscrición estará aberto de forma continuada.

CRONOGRAMA DA LIÑA DE ACCIÓN 3

A solicitude para participar nesta liña comezará en novembro de 2022 pero a programación de experiencias artísticas non se fará efectiva e non comezará ata 2023.

Cada exposición permanecerá aberta entre 15 e 30 días naturais, dependerá da tipoloxía e da obra exposta, así como, da dispoñibilidade de artista e Concello.

Así mesmo, terase en conta o número de solicitudes enviadas para que poida participar o maior número de artistas. Comezaranse cun programa de exposicións de artistas locais convidados/as.

LUGAR DE REALIZACIÓN

Realizaranse habitualmente no Multiúsos, en Arcade, os domingos pola mañá. Publicitarase con antelación suficiente o lugar de realización xunto co programa de exposicións e actividades.

OBRIGAS DE PARTICIPANTES EXPOSITORES

- Presentar todos os documentos requiridos para a inscrición.
- De faltar algún documento no expediente, será requirido.
- Só se procederá á inscrición de exposicións, unha vez que o expediente estea completo.
- Informar ao Concello de calquera modificación relativa aos seus datos que poidan ser relevantes (persoa contacto, teléfono, enderezo, etc.).

PUBLICACIÓN DE CALENDARIO DE EXPOSICIÓNS

Poderase acceder á información de forma telemática, nas Webs:

www.gabinetesoutomaior.com e www.soutomaior.gal

OBSERVACIÓNS

Todos os/as artistas locais que desexen expoñer e participar nesta liña deberán estar obrigatoriamente inscritos/as neste Rexistro, previamente ou como data límite ao remate da exposición.

COMÚN A TODAS AS LIÑAS

PUBLICIDADE DO PROGRAMA

As Bases do Programa Artellando e das correspondentes liñas de acción serán publicadas na Web www.soutomaior.gal e www.gabinetesoutomaior.com, para a súa difusión e publicidade.

As actividades do Banco do Tempo, o calendario de exposicións e obradoiros, así como, o catálogo de artistas tamén se consultará a través das Web anteriores.

Todas as actividades difundiránse a través das redes sociais do Concello e a través do servizo de WhatsApp da Axenda Municipal.

VALORACIÓN DE PROPOSTAS PRESENTADAS

O Concello de Soutomaior valorará a través do servizo da OMX as propostas presentadas tendo en conta criterios de viabilidade acordes á filosofía do programa e das bases de cada liña de acción. Terán preferencia as propostas e peticións da persoas empadroadas no Concello de Soutomaior.

PRIVACIDADE DE DATOS

Os servizos prestados a través deste Programa están dirixidos a todas as persoas que presenten as características nel expostas.

No caso de menores de 18 anos, requirirase que a solicitude sexa asinada por unha persoa maior de idade (pai/nai/titor/titora).

Ao cumprimentar o formulario de solicitudes, a persoa interesada comprométese a facilitar datos reais e autoriza o tratamento automatizado dos datos persoais que voluntariamente subministraron, e que son necesarios para a prestación do servizo.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados ás bases de datos de cuxo ficheiro será responsable o Concello de Soutomaior.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nas liñas deste Programa supón a aceptación das bases así como de calquera outra norma que sexa estipulada polo Concello para o bo funcionamento do Programa Artellando.

ARTELLAND

Soutomaior, promove cultura



SOUTO
MAIOR

